CCA Melide
CentroComercialAberto
ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

Deputación DA CORUÑA

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XIV - Nº 144. Xaneiro 2018. Distribución gratuíta

Os 6.000 euros en premios da campaña de Nadal buscan dono

A Casa da Cultura de Melide acolleu un ano máis a celebración do sorteo da campaña de Nadal que organiza Asetem e que este ano repartiu 6.200 euros en premios entre o comercio local asociado. Ningún dos afortunados estivo entre o público polo que agora teñen de prazo ata o 30 de xaneiro para presentar o boleto premiado nas oficinas da asociación de empresarios. A gala estivo conducida polo presentador Pepe Capelán e contou coa actuación do grupo Fillos do Estramonio. P3

EMPRESA
A industria do rural, nun documental no que colaborará Asetem P4

COMARCA
A alcaldesa de Sobrado ve "complexa" unha moción de censura P13

CULTURA
Presentan, 84 anos despois, unha nova edición do Terra de Melide P21

ENTREVISTA

Miguel Ángel Liboreiro, O Tobo do Lobo P23

Piden un barco novo para o encoro de Portodemouros

Trala reunión mantida coa asociación de afectados do encoro, os alcaldes de Santiso e Vila de Cruces solicitarán tamén melloras na iluminación e sinalización. P12

O goberno de Melide aproba un orzamento de 6,8 millóns

Nin o BNG nin o PSOE apoiaron as contas ao consideralas continuístas, pouco adaptadas ás necesidades básicas da vila e sen proxecto para o futuro. P8

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

28 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

O negocio do morbo

Había tempo que non sentiamos tanta vergonza da profesión xornalística. Nas últimas semanas, por desgraza, tivemos que ver, oír e ler multitude de noticias sobre o asasinato da moza madrileña Diana Quer. Máis alá do tráxico suceso e do seu desenlace, que a xustiza se encargará de xulgar, faise innecesario todo o negocio do morbo que se xerou ao seu arredor.

Medios de comunicación sen escrúpulos que non tiveron ningún tipo de consideración coa dor que está a sufrir unha familia. Imaxes e titulares sen respecto, baleiros de ética, de sensibilidade e de sentido común que superan en gran medida todo o que establece a boa práctica do xornalismo. O propio pai da moza tivo que saír a pedir que deixasen de emitir imaxes do cadáver da súa filla; e non, non respectaron o seu desexo.

Medios de comunicación e periodistas que se cualifican como serios e reputados non deberían prestarse ao xogo do morbo. Un bo profesional ten que ser prudente e debe estar guiado por uns principios éticos e ofrecer informacións que non danen os sentimentos das persoas afectadas polo suceso acontecido.

Semella que non aprendemos nada do caso Alcásser hai 25 anos. Ou é que ninguén se lembra da xornalista Nieves Herrero facendo un programa en directo dende o pobo o mesmo día que apareceron os corpos das tres mozas? O 27 de xaneiro de 1993 a presentadora organizou nun recinto (un local social, teatro ou casa da cultura) unha reunión coas familias (imaxínense como estarían), e de público toda a xente do pobo para transmitir a dor en directo.

Despois virían máis casos, e aínda que se afirma que co suceso de Alcásser comezou o sensacionalismo no xornalismo, a verdade é que este sempre acompañou á profesión dende o seu nacemento.

Faise necesaria unha reflexión e, polo menos, pararse a pensar en que é o que ten de relevante o morbo nunha información: NADA, con todas as letras. Non aporta nada, ningún tipo de información significativa, non resolve o caso, só implica sufrimento alleo que tan rendible resulta para algúns medios sen escrúpulos tratando de aumentar a súa audiencia a costa da morbosidade do público.

Se ben é certo que nos tempos que corren podemos pensar que os profesionais da comunicación están sometidos a presións de tipo corporativo e financeiro do seu medio, máis certo é que sabemos perfectamente cando traizoamos a nosa conciencia, así que un pouco máis de empatía por favor, e un pouco máis de respecto. A liberdade de prensa é outra cousa, non todo vale. Non fomentemos o negocio do morbo.

Tribuna de opinión

Novo ano, nova suba

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

A dous días de rematar o ano abríronse ao tráfico os dous novos carrís da ampliación da ponte de Rande, en Vigo. Ata aí todo normal, se non fose polas présas que se deron en inaugurar a infraestrutura antes de que rematase o 2017, co único obxectivo de poder cobrar o incremento das peaxes nun 1% cada ano, durante os vindeiros 20 anos, co que o Goberno autorizou que se pagasen as obras (uns 200 millóns de euros). Vamos, o que vén sendo un novo espolio para os de sempre: os cidadáns de a pé. Por non mencionar que ás présas por rematar e poder cobrar ese aumento súmanse varios sinistros laborais rexistrados nas obras, un deles mortal, segundo denunciou o sindicato da CIG, e que a ampliación foi inaugurada con obras aínda pendentes de rematar na zona.

E que fixeron os nosos políticos para solucionar isto? O que mellor saben, pasar a pelota dun lado ao outro e responsabilizar ao contrario do incremento no prezo das peaxes sen que ninguén se atreva ou queira buscar unha solución alternativa que por unha vez non vaia ao peto dos contribuíntes.

Sempre hai desculpas: que se a crise económica, que se o IPC... o único certo é que temos unha das autopistas máis caras do Estado pola que dende o 1 de xaneiro de 2018 desprazarse da Coruña a Vigo custa entre 15 e 33 euros a viaxe dependendo da categoría do vehículo.

En que se traduce iso? Nun custo diario dificilmente asumible para calquera traballador, cando na maioría das ocasións estas obras realízanse a través de concesións privadas debido, fundamentalmente, á falta de financiamento público que debería asumir o Estado, pero que acabamos pagando os cidadáns a través de continuas subas. Así que vaiámonos facendo á idea de que durante os vindeiros 20 anos: novo ano, nova suba.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Iván G. Blanco, Rafael R. Gaioso
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Yolanda Pampín Gil
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....2
-EMPRESA.....3
-MELIDE.....8
-COMARCA.....12
-CULTURA E LECER.....18
-COLABORACIÓNS.....22
-ENTREVISTA.....23

6.000 euros buscan propietarios

Os afortunados teñen ata o 30 de xaneiro para presentar o boleto gañador nas oficinas da asociación de empresarios

Pepe Capelán, o presentador, cos cativos que axudaron nas extraccións dos números premiados

A Casa da Cultura de Melide acolleu este luns 8 de xaneiro a celebración da gala de Nadal que en colaboración co Concello de Melide organiza a Asociación de Empresarios Terra de Melide. Este ano a novidade foi o aumento na contía de premios xa que se repartiron en total 6.200 euros entre o comercio local asociado.

Realizado o sorteo na Casa da Cultura aínda faltan por atopar os sete afortunados, xa que a sorte non quixo que ningún agraciado ou agraciada estivese presente entre o público; así que se realizaron algunha compra nos seguintes establecementos comproben as súas rifas porque foi neles onde recaeu a sorte: Floristería Tarrío, Librería Cousas, Xoiería Roval, Supermercados Gómez, Cafetería Stop e Xoiería Silvela. Os números de reserva recaeron, a maiores, en Tu Boutik, Ferretería Noguerol, Calzados Broz, Deportes López e Alain Afflelou Óptico.

Pola súa parte, se as contías das rifas aínda buscan dono, o premio sorteado entre o público apareceu xa á primeira volta. Este, dotado con 200 euros, foi para o veciño de Melide Juan Carlos Fernández Sánchez que recibiu o cheque de mans do presidente de Asetem, Manuel Vázquez, e da alcaldesa de Melide, Dalia García.

A gala, á que asistiron preto de 300 de persoas, estivo conducida polo presentador Pepe Capelán e contou coa actuación do grupo Fillos do Estramonio, que conseguiron encher a Casa da Cultura de ritmo, cor e gargalladas ao longo das case dúas horas que se prolongou o evento.

Como anécdota destacar que, un ano máis, Librería Cousas manténse como o comercio que máis premios reparte, de novo dous premios, consolidándose así como asiduo das quinielas ganadoras. A hemeroteca fala por si soa: no ano 2016 repartiu dous premios de 1.000 euros cada un, e un de reserva (o maior de todos: 2.000 euros); no sorteo do ano 2015 repartiu 6 dos 22 premios en xogo naquel entón. No do ano 2013 entregou o primeiro premio e no ano 2012 o primeiro e o segundo.

Nesta edición da Campaña de Nadal, a décimo oitava, repartíronse un total de 64.400 rifas, unha cantidade un pouco inferior á do ano pasado, cando se repartiron en total 65.000 rifas, e participaron finalmente 88 establecementos.

Dende a directiva de Asetem manifestaron o seu compromiso de "seguir traballando para que a tendencia positiva se manteña, tratando de consolidar campañas comerciais coma estas".

Unha vez remate o prazo para presentar os boletos premiados nas oficinas de Asetem (o 30 de xaneiro ás 13.00 horas), os agraciados serán convocados a un acto no que recibirán o galardón de mans dos titulares dos establecementos que lles deron as rifas.



Actuación de Fillos do Estramonio e entrega do premio de 200 euros sorteado entre o público

Mobles Ares reinaugura a súa tenda co obxectivo de chegar a ser líder no sector do descanso

Novos espazos trala reforma efectuada

Tradición e innovación non teñen porque ser incompatibles. É o caso de Mobles Ares, unha empresa familiar de Melide con máis de 50 anos en activo no mercado, que vén de reformar a súa tenda e reinaugurar unha nova etapa co obxectivo de ser unha marca punteira e un referente no sector do descanso.

Trátase da segunda xeración ao fronte dun negocio que ao principio se dedicou á venda de mobles e colchóns, ademais de lámpadas, artigos de bazar, etc, pero que co paso do tempo foi evolucionando ata orientarse definitivamente só ao moble e ao descanso, con todo o que iso implica: colchóns, sofás, dormitorios, salóns, etc; e todo en diferentes estilos e materiais como xuvenil, clásico, de madeira maciza, lacados, e demais.

Unha reforma con pequenas modificacións introducidas na fachada principal da tenda, así como a reorganización da súa nova área de descanso, onde podemos atopar as últimas novidades do mercado nesta parte da exposición.

Como empresa, dende sempre mobles Ares dedicou unha parte importante do negocio a traballar a área de descanso, unha área que agora incorpora novas marcas, como por exemplo: Bultex, Lattoflex, Epeda, Sema ou Pikolin Home, que é a gama de fogar desta coñecida casa e que inclúe nórdicos e protectores de cama entre outros artigos.

Coa reinauguración da tenda, Mobles Ares quere aproveitar a ocasión para premiar a confianza dos seus clientes realizando unha serie de descontos ata o vindeiro 15 de marzo, de tal xeito que na gama de colchóns, almofadas, somieres e canapés da marca Pikolín descontarán un 40% máis un 21%; mentres que no resto das marcas o desconto será de ata o 50%.

Na súa venda de produtos Mobles Ares prima especialmente a atención ao cliente e o asesoramento especializado. Dispoñen de servizo gratuíto de recollida do antigo colchón ou moble, así como servizo de transporte e montaxe gratuíto en toda Galicia, servizo de financiamento, garantía en todos os seus produtos e servizo postvenda. Unha empresa familiar que aspira a ser líder e especialista en Melide dentro do ámbito do descanso.

Asetem participará na elaboración dun documental sobre a insdustria no rural

A empresa de comunicación XURDIR vai elaborar un proxecto audiovisual en Melide co que busca reflectir a través dun vídeo-documental a traxectoria e o traballo realizado neste momento polas principais empresas do concello, a riqueza que xeran e a actividade á que se dedican, e para iso contará coa colaboración e asesoramento da Asociación de Empresarios Terra de Melide.

Vista xeral de Melide dende o aire

"No documental, comentado con voz en off, preténdese recoller con entrevistas e reportaxes o traballo diario, o pasado, o presente e os proxectos de futuro das empresas que son o corazón destas terras". Incluirá ademais un percorrido terrestre, pero tamén unha visión aérea realizada con Dron. Unha vez rematado está prevista unha proxección pública á que se invitarán representantes das principais institucións públicas e privadas da comarca, empresarios, e público en xeral.

Xa presentado, a difusión do documental realizarase a través de distintas canles como son as redes sociais, You Tube, ou a web de Asetem entre outras.

Pola súa parte, dende a asociación de empresarios tratarase de achegar información sobre as empresas mais destacadas en cada sector produtivo de Melide para facilitar a elaboración do documental.

Antes de Melide, outros concellos xa foron protagonistas dun proxecto semellante. É o caso de Touro e Arzúa, este último en fase de postprodución e que será presentado o sábado 13 de xaneiro.

Agader convoca axudas para a ampliación ou modernización de empresas no rural

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Agader, publicará ao longo deste mes de xaneiro, no Diario Oficial de Galicia, unha nova convocatoria de axudas dirixida á ampliación e modernización de todo tipo de pequenas empresas que desenvolven actividades non agrarias no rural.

Entre os beneficiarios atópanse a pequena empresa, persoas físicas suxeitas ao réxime especial de traballadores autónomos, titulares dunha explotación agraria ou membros da súa unidade familiar.

A concesión de axudas será en concorrencia competitiva e entre os principais requisitos a cumprir figuran: ser unha empresa constituída antes de xaneiro de 2018; os investimentos non poden estar iniciados na data da presentación da solicitude de axuda; que se desenvolvan no territorio de Galicia, agás nas parroquias clasificadas como zonas densamente poboadas (ZDP); e o orzamento dos proxectos debe estar comprendido entre 10.000€ e 300.000€, no caso de artesanía est contía será de entre 5.000€ e 100.000€.

Con carácter xeral, serán subvencionables os gastos en maquinaria e equipamentos novos destinados á actividade empresarial, e en obras e instalacións necesarias para o funcionamento da maquinaria adquirida.

Para recibir máis información poderán solicitala a través do enderezo electrónico: infoagader@xunta.gal ou nos teléfonos: 981 54 73 82-981 54 26 90

POR SER DE XUSTIZA

As parellas de feito en Galicia

Eva Novás
Avogada

A regulación das parellas de feito na actualidade non é homoxénea, varía segundo a Comunidade Autónoma da que se trate e isto complica un pouco coñecer os dereitos que se lles recoñece a estas uniónS.

No caso de Galicia, admitiuse unha cuestión de constitucionalidade sobre a Disposición Adicional Terceira da nosa Lei de Dereito Civil. Mentres non se resolva, e non se diga o contrario, en Galicia as parellas de feito equipáranse en dereitos e en obrigas aos matrimonios. Enténdese que unha parella de feito é unha unión de dúas persoas maiores de idade, capaces, e que conviven con intención de permanencia no ámbito dunha relación de afecto idéntica o matrimonio. Para que se dea esta igualación de dereitos é necesario que a parella se inscriba no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, expresando que a súa vontade é equiparar os efectos desa unión aos do matrimonio. Trátase dun trámite sinxelo e que convén ter en conta, pois pode supoñer unha seguridade de cara o futuro da parella.

A equiparación nos efectos inclúe, como é lóxico, os efectos sucesorios, tal vez os máis conflitivos na práctica. Pensemos en casos nos que falece un dos membros da parella e surxen as discrepancias ente os parentes do falecido,os pais, por exemplo, co outro membro da parella polo reparto dos bens dos que aquel era propietario.

Compre saber que a parella poderá dispoñer en escritura pública de forma totalmente válida todos os pactos que considere, a modo de capitulacións, de forma que regulen como vai ser a súa relación no económico durante a convivencia. Tamén poden fixar as pautas para a liquidación se a relación de parella se extingue. Por suposto, poden dispoñer o necesario un a favor do outro mediante o testamento, para maior tranquilidade.

Por sorte, a tendencia parece que se encamiña pouco a pouco á plena igualdade en dereitos das parellas de feito e os matrimonios incluso en ámbitos nos que non fai tanto sería impensable, como é o acceso a unha pensión por viuvez.

Fai poucos meses a Sala do Social do Tribunal Supremo recoñecía o dereito dunha viúva dunha parella de feito á pensión e pese a que a parella non estaba inscrita no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, senón que só o estaba no rexistro municipal, en Vigo. Despois de que o home falecese a consecuencia dun accidente laboral, a mutua negaba este dereito da viúva, alegando que non tiñan a consideración de parella de feito por non estar inscritos no Rexistro Galego. Finalmente, o Tribunal Supremo resolveu recoñecerlle o dereito á pensión, razoando que non pode existir desigualdade no acceso a unha prestación en función das distintas normativas que existan en cada Comunidade Autónoma e que a existencia da parella de feito quedaba bastante acreditada coa inscrición nalgún rexistro específico dos que existan, na comunidade autónoma ou no concello que sexa o lugar de residencia da parella.

Por último, compre sinalar que se a inscrición da parella no Rexistro ten efectos, é moi importante comunicar a cancelación da inscrición cando a parella se extingue para que os efectos cesen. A extinción pódese dar por morte de un deles, por matrimonio, entre os membros da parella ou ben por matrimonio de un dos membros con outra persoa, por mutuo acordo ou ben pola decisión unilateral dun dos membros. De ser así, esta decisión ten que comunicarlla o outro de forma que quede constancia antes de proceder á cancelación.

Eva Novás Mato
Avogada

Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE
Tlfs.: 981 50 72 17 / 662 30 26 18

A importancia de concienciar sobre un consumo responsable

Foto: InfoNadalConsumo

Un ano máis e van xa nove edicións, a Xunta de Galicia levou a cabo durante o Nadal o programa *Info Nadal Consumo*, para informar e asesorar sobre o consumo responsable e as compras no Nadal. E é que durante períodos coma este realízase unha porcentaxe elevada de compras que en ocasións superan as nosas previsións. Atendendo a isto e co obxectivo de reflexionar sobre os hábitos de consumo e fomentar un consumo responsable, dende finais de novembro e ata o pasado 29 de decembro realizáronse diferentes obradoiros e charlas participativas dirixidas a todos os públicos, aínda que especialmente orientadas ao alumnado dos centros educativos, dende infantil e primaria ata educación secundaria e bacharelato. A través destes obradoiros e charlas o alumnado traballou distintos aspectos como por exemplo os consellos a ter en conta antes, durante e despois de realizar calquera compra, a información que está presente nas etiquetas dos produtos, a clasificación dos videoxogos a través do denominado Código PEGI, como facer compras seguras a través da Internet ou cales son os dereitos das persoas consumidoras, ao mesmo tempo que se reflexionou sobre os hábitos de consumo da sociedade actual, como a influencia da publicidade e das marcas na toma de decisións de consumo. En toda a comunidade participaron preto de 5.000 persoas nas 250 actividades desenvolvidas.

75.000 euros para as tres mellores iniciativas empresariais

A Deputación da Coruña ten aberta a convocatoria da segunda edición do Premio Provincial á Mellor Iniciativa Empresarial, un galardón co que se pretende recoñecer e promover o traballo realizado polas pequenas e medianas empresas, microempresas e autónomos da provincia da Coruña, así como contribuír ao crecemento e desenvolvemento das mesmas. Concederanse tres galardóns por un importe total de 75.000 euros outorgándose 25.000 euros a cada unha das seguintes categorías: Premio á mellor iniciativa empresarial xove (con menos de 12 meses de antigüidade dende o inicio da actividade), Premio á mellor iniciativa empresarial madura (con máis de 5 anos dende o inicio da súa actividade), e Premio á mellor iniciativa empresarial socialmente responsable (quen aplique medidas de responsabilidade social empresarial eficaces nos ámbitos económico, medioambiental e social que contribúan ao crecemento sostible da provincia). Poden participar neste premio calquera pequena e mediana empresa, microempresa e autónomo ou autónoma con domicilio fiscal e centro de traballo na provincia da Coruña. O prazo de presentación de candidaturas permanecerá aberto ata o 31 de xaneiro de 2018 ás 14.00 horas e o fallo darase a coñecer durante o primeiro semestre de 2018 (bases e convocatoria en: https://emprego.dacoruna.gal/premio).

DIRECTORIO - SOCIOS/AS DE ASETEM

ASESORÍA

CC Xestión
Florentino Cuevillas, 2
881 97 33 07
Seguros Bilbao
Rda. de Pontevedra, 113
678 05 59 42

CANTEIRAS

Canteras Prebetong
Brasil, 56, Vigo
981 50 55 76
Canteras Richinol
Arenal, 64, Lalín
981 50 55 04

CARPINTERÍA

Aluminios Melide
Pol. Madanela, 86
981 50 73 12
Blangar
Ctra. Lugo km 46,
Melide
981 50 54 18
Maderas Ovidio Leiva
Belmil, Santiso
608 58 74 47

COMERCIO

Bodegas Mejuto
Rda. de Pontevedra, 74
981 50 77 62
Calzados Broz
Camiño de Ovedo, 13
981 50 51 60
Cárnicas García
Rda. da Coruña, 14
981 81 54 00
Carnicería Penas
Avda. de Lugo, 35
609 93 91 98
Carola Moda 2000
Alexandre Bóveda, 16
981 50 51 49
Casa Juanito
Mateo S. Bugueiro, 39
981 50 51 03
Casa Santos
Avda. de Lugo, 8
981 50 53 96
Centro Comercial Ares
Rda. da Coruña, 27
981 50 50 53
Cociñas M. Buján
Avda. de Lugo, 99
981 50 74 21
Colorín Colorado
Rda. da Coruña, 10
881 97 85 60
Cooperativa Melisanto
Agüeros, s/n, Melide
981 50 60 26
Deportes López
Avda da Habana, 5
981 50 54 25
Disfruta
Rda. da Coruña, 18
639 08 50 87
Distribuciones Mella
Xoán XXIII
981 50 60 68
DivaPro Hair&Beauty
Rda. da Coruña, 58
981 93 76 65
Ekaté
Cantón de San Roque,11
881 97 74 17
Electrosan
Martagona, 13
981 50 79 64
Electricidade Vilela
Avda de América, 34
981 50 59 00
El mundo del pintor
Avda. Lugo, 43
981 50 90 77
Espomasa
Ctra. Melide-Toques,
km 8, Toques
981 50 59 71
Estación de Servicio Corredoiras
Corredoiras, 14,
Boimorto
981 51 60 04
Estanco Angarela
Progreso, 9
981 50 60 96
Eurocadena
Cantón de S. Roque, 9
670 29 29 17
Ferretería Noguerol
Convento, 28
981 50 50 29
Floristería Maru
Convento, 9
981 50 75 80
Floristería Strelitzia
Cantón S. Roque, 46
881 81 91 01
Floristería Tarrío
Amador Rguez, 7
981 50 61 64
Frutas Nati
Pol. Ind. A Madanela
600 44 80 92
Fuciños Rivas
Rda. da Coruña
981 50 50 47
Funeraria El Mueble
Rda. Pontevedra, 2
981 50 50 89
Gasolineira Bocelo
Avda. de Lugo
981 50 62 50
Imaxina
Florentino Cuevillas, 4
881 95 70 87
Imprenta Meligraf
Rúa Galicia, 26
981 50 62 56
Intres Fotografía
Avda. de Toques, 2
881 97 42 24
José Xaneiro
Avda. Toques, 57
981 50 53 35
La Cortina
Avda. Lugo, 43
981 50 63 58
La Frutería de Celia
Cantón de San Roque
3 - Baixo
981 50 79 38
Laia Zapateiros
Praza Convento, 4
626 25 20 54
Leiva Motosport
Rda. da Coruña, 52
981 50 73 34
Librería Cousas
Avda. da Habana, 29
981 50 57 75
Librería Victorio
Taboada Roca, 1
981 50 50 55
M&M Moda
Rda. da Coruña, 58
981 94 24 15
Magnín
Rda. da Coruña, 32
881 99 84 49
Marvi
Rúa do Convento, 16
981 50 71 94
Medusa Moda
Rda. da Coruña, 26
881 97 82 79
Melimática
Otero Pedrayo, 6
981 50 78 81
Mis mejores labores
Rda. da Coruña, 38
981 50 90 85
Mobles Ares
Rda. da Coruña,62
981 50 55 64
Modas El Dándolo
Convento, 15
981 50 63 70
Muebles Paula
Crta. Lugo, km 46,
981 50 57 34
Muxica Tenda Xoven
Rúa do Convento, 36
981 50 63 66
Óptica Alain Afflelou
Rda. da Coruña, 16
981 50 60 97
Óptica Melide
Rúa do Convento, 17
981 50 54 67
Óptica Tábora
Rda. da Coruña, 20
981 50 51 99
Ortopedia Ortosaúde
Rda. Pontevedra, 16
981 50 78 74
Parafarmacia Cantón
Cantón de S. Roque, 28
981 93 73 50
Pasarela
Alexandre Bóveda, 10
981 50 59 08
Panadería e Pastelería Toques
Avda. de Lugo, 31
981 50 51 81
Pastelería Estilo
Rúa do Progreso, 6
981 50 51 53
Pastelería Triskel
Novoa Santos, 32
981 50 50 98
Perfumería Lyss
Rda. da Coruña, 44
981 50 76 84
Pescados e Mariscos Manolo
Rosaleda, 10
629 81 20 29
Ramón Pampín Bango
Rda. de Pontevedra,105
981 50 75 26
Recambios Sando
Avda. de Lugo, 10
981 50 54 19
Recambios Vulcano
Avda. de Lugo, 99
981 50 62 18
Ribeirao
Convento, 12
981 50 50 18
Romero Zapaterías
Rda. da Coruña, 29
981 50 53 56
Rubén Pacior S.L.
Pol. Madanela, 100-102
981 50 70 11
Sanoguera Fotografía
A Casilla, 1 - Moldes
622 22 28 10
Sisuka
San Pedro, 5
881 97 58 62
Sport Moda
Cantón de S. Roque, 38
981 50 76 17
Stardemoda
San Pedro, 10
981 50 65 12
Sueños
Alexandre Bóveda, 2
981 50 71 87
Suministros Industriales Cire
Pol. Madanela, 22
981 50 79 54
Supermercados Gómez
Amador Rodríguez, 3
981 50 70 27
Tu Boutik
Rda. Pontevedra, 61
881 95 63 94
Xebre
Mateo Segade, 1
981 50 57 23
Xoiería Oro Ley
Rúa de San Pedro, 14
981 50 54 68
Xoiería Roval
Alexandre Bóveda,12
981 50 54 31
Xoiería Silvela
Rda. da Coruña, 40
981 50 59 97
Yethi Carburantes
Cruce campo de fútbol
982 38 00 71
Zapatería Pequeniños
San Pedro, 4
981 50 79 66

CONSTRUCIÓN

Barreiro Lodeiro, J.
Baltar, Melide
981 51 53 86
Const. M. Espiño
Concepción Arenal, 5
981 50 77 29
Const. Leonardo Miguélez
Santa María, Melide
981 50 52 73
Const. Pichel Hnos.
Avda. Estación, 2, Lalín
986 78 07 59
Cubiertas Hermanos Blanco
Pol. Ind. A Raña, rúa 7.
O Barco de Valdeorras
988 33 52 94
Excavaciones Paradela
Ribeiro,s/n
981 50 55 92
Hijos de Casal Mariño
E. Álvarez Carballido, 1
981 50 53 10
Hormigones Carral
Sta. María de Veira,
As Travesas, Carral
981 50 50 25
Hormigones Myhnor
Pol. Ind. A Madanela,
Parcela 30
981 17 36 16
Marmolería Melide
Gosenxe, Ribadulla,
Santiso
981 50 55 18
Química Industrial Proquintas
Pol. Ind. A Madanela
981 50 53 00

HOSTALERÍA

Albergue Vilela
Rúa San Antón, 2
616 01 13 75
Bodega Curros
Rda. de Pontevedra,18
981 50 59 68
Casa Alongos
Camiño Vello Stgo. s/n
619 22 93 34
Café Chaplin
Cantón de S. Roque,17
981 50 53 55
Cafetería M40
Cantón de S. Roque, 40
981 50 73 44
Cafetería Stop
Rúa da Cátedra, 1
Esquina San Antonio
626 89 49 88
Espectáculos Ángel Seoane
Avda. da Habana, 15
981 50 53 28
Hotel Carlos 96
Avda. de Lugo, 119
981 50 76 33
O Tobo do Lobo
R/Luis Seoane, 8
981 50 77 73
Parillada O Carburo
Villamor, Toques
981 50 49 07
Parrillada Rúa
Avda. de Lugo, 50
981 50 60 76
Parrillada Pilmar
Santa María
981 50 76 17
Pazo de Eidián
Eidián, 5 Agolada
986 68 25 45
Pulpería Ezequiel
Cantón de S. Roque,46
981 50 52 91
Xamonería Garceiras
Gaiteiros Garceiras, 1
608 975 776

SERVIZOS

Academia Besbello
Rúa San Antón, 5
981 50 52 52
Ana Mato e Iria Expósito avogadas
Rúa Xesús Carro, 15, 2º
605 270 282
671 833 4258
Annic Difusión
Rda. Pontevedra, 63
981 94 38 94
Clínica Dental Ana Marcos Cardo
Rda. da Coruña, 31-1º B
981 50 57 05
Clínica Dental Karim
Rda. Pontevedra, 32
981 50 62 44
Eva Novás Mato avogada
Rúa San Antón, 5
981 50 72 17
Extractores Villamor
Cantón de S. Roque, 8
648 25 31 33
Fisioterapia Lili
San Pedro, 16
981 50 72 06
Hardgalicia - "R"
Rúa do Convento, 4
693 77 88 66
Intermax Technology
Rúa Folicheiro, 20
902 908 737
Mofitel Comunicac.
Santiago de Compostela
693 62 21 85
Perruquería Santín & Amo
Cantón de S. Roque, 38
Entrechán
650 43 63 75
Servinet
Vitiriz, s/n
697 89 24 66
Skala Peluqueros
Almirante Brown,19-21
981 50 59 03
Xanela Ocio
Rosalía de Castro, 12
634 24 34 69

TALLERES

Autos Mar
Pol. Madanela, 8-9
981 81 53 36
Desguaces Lual
O Coto (Melide)
981 50 73 52
Melicar
Avda. de Lugo, 95
981 50 76 25
Motor Melide
Pol. Ind. A Madanela
981 50 70 31
Neumáticos Melide
Avda. Lugo, 129
981 06 57 00
Talleres Mejuto
Sta. María, Melide
981 50 59 99

SOCIO COLABORADOR

Mª Carmen Carreira Simón
Rda. da Coruña, 50 - 1º
981 50 52 80
La Caixa
Alexandre Bóveda, 1
881 03 08 20
Banco Sabadell
Rúa do Convento, 13
981 50 52 50

TRANSPORTES

Bombeos Cabado
Pezobrés s/n, Santiso
981 51 77 89
Nutripor S.A.
Pol. Madanela, 18-19
981 50 64 70
Rey Sánchez S.L.
Emilio Campoamor, 2
981 50 60 29
Transportes Sierra
Pol. Ind. Madanela,
parcela 79
981 51 58 18
Transportes Zas
Palas de Rei
982 18 34 04

ENXEÑERÍA

Javier López López
Xosé R. Fdez. Castro, 6
981 50 54 82

EMPRENDEDORES EN MELIDE

EDER TORREIRO E ÓSCAR IGLESIAS "JUIFI"

(Pza. das Universidades, s/n)

"Falar de Juifi é garantir maior velocidade e menor prezo"

Coñecen de sobra o mundo no que se moven xa que ambos contan con anos de experiencia no sector e, aínda que achegan un produto xa coñecido, destacan por ofrecer un servizo diferente ao que había en canto a calidade se refire. Falamos de Juifi, unha empresa que dá servizos de acceso a Internet orientados especialmente ao ámbito do rural.

.- Que é Juifi?

.- Eder Torreiro/Óscar Iglesias (E.T./O.I.): Juifi somos unha empresa dedicada a prestar servizos de acceso a Internet orientados ao rural sobre todo, porque é aí onde existe unha maior fenda dixital. Así que nesas zonas rurais onde hai un acceso a Internet deficiente, nós o que facemos é mellolalo para prestar un servizo decente e estar conectados, ademais de facilitalo a un prezo axeitado.

.- Como xurdiu?

.- O.I.: Os dous estabamos no sector. Eder, á parte de ter a súa empresa, viña de traballar en empresas dedicadas a este tipo de servizos, a todo o sector de telecomunicacións, electrónica e todo o relacionado; e no meu caso temos unha tenda de 'R' e a distribución de 'R' aquí en Melide. Co tempo démonos conta de que había clientes dos que visitabamos habitualmente que non tiñan un servizo de calidade e que o demandaban, así que decidímonos a montar unha empresa conxunta. Agora Eder dedícase máis á parte técnica e eu a parte máis comercial.

.- Que servizos podemos atopar en Juifi?

.- O.I.: Agora mesmo o que temos é Internet, teléfono fixo e telefonía móbil tanto para particulares como para empresas. Son os nosos tres piares básicos. E despois tamén montamos outro tipo de servizos máis específicos que os clientes nos demandan puntualmente, como pode ser a vídeo-vixilancia, centraliñas virtuais, etc. Ao mesmo tempo, en zonas e núcleos máis urbanos a onde chega a cobertura de fibra, tamén damos servizos de fibra –estes máis orientados a empresas–. Destacar tamén que o pasado 12 de decembro vimos de mellorar as nosas liñas móbiles con servizo 4G.

.- Por que se destaca Juifi?

.- O.I.: Unha das cousas nas que nos quixemos diferenciar dende que empezamos coa empresa foi a idea de ser totalmente transparentes, e aínda que nalgún momento puntual teñamos algunha promoción, nós o que facemos é que o cliente pague a alta, porque iso ten un custe, e a cambio que non teña ningún tipo de permanencia con nós dende o minuto cero. Que sexa libre de darse de alta ou baixa cando o cliente o considere oportuno. É dicir, aínda que teñamos promocións puntuais para non pagar a alta, a nosa filosofía avoga por non ter permanencia e que o cliente sexa totalmente libre. E outra das cousas que nos diferenciou coa competencia, sobre todo cando empezamos, foi que comezamos no polígono industrial de Melide ofertando conexións simétricas; o que vén sendo ter a mesma velocidade real de baixada que de subida.

.- Ademais da non permanencia, destacarían vostedes algunha outra vantaxe de Juifi?

.- E.T.: Á transparencia hai que sumar unha maior velocidade garantida a un menor prezo e unha atención ao cliente de calidade. Soa a tópico, pero é tan real como que damos un servizo diferente, sobre todo en calidade de servizo e atención ao cliente.

.- Que zonas abarca Juifi?

.- O.I.: Comezamos aquí en Melide porque había unha deficiencia no servizo, concretamente no polígono, que era onde máis necesidade había e onde tratamos de dar unha solución a un problema existente. Despois diso e tras ano e medio de traballo, agora mesmo estamos en Melide, Arzúa, Boimorto, Toques, Santiso, Vila de Cruces, Monterroso e Palas de Rei. Tamén temos grandes empresas que demandaron o noso servizo, clientes particulares, institucións e en xeral un pouco de todo. Poderiamos dicir que non estamos limitados a un territorio, senón que imos medrando pouco a pouco pero de xeito continuo.

.- Que balance fan de todo este tempo de traballo?

.- O.I.: Máis que positivo. Neste ano e medio o que fixemos principalmente foi despregar a rede, mellorala. O que tiñamos claro dende o primeiro día era que queriamos facer as cousas ben. Ben en canto á calidade do material, ao tipo de tecnoloxía empregada, ao tipo de acceso a Internet que lle iamos proporcionar aos clientes, etc. E para iso tivemos que empezar a crear unha rede de cero. Vendo agora os resultados estamos moi satisfeitos.

.- Unha persoa que estea interesada nos servizos de Juifi, como pode contratalos?

.- O.I.: Agora mesmo a tenda que temos en Melide está na rúa do Convento nº 21, e calquera cliente pode darse de alta acudindo á tenda directamente, a través da web www.juifi.com, ou mesmo por teléfono. E normalmente en dous, tres días como moito, o servizo está xa totalmente operativo e a conexión funcionando.

O goberno local aproba uns orzamentos de 6,8 millóns de euros

Nacionalistas e socialistas non apoiaron as contas ao consideralas continuístas e sen proxecto para Melide

Na imaxe, un momento do pleno celebrado o pasado verán con motivo da polémica xurdida arredor da implantación dunha rede de calor por biomasa en Melide

O goberno de Melide aprobou antes de que rematase o ano os orzamentos para este 2018, que ascenden a algo máis de 6,8 millóns de euros, e que segundo defenderon dende o PP atenden "á eficacia, eficiencia e á economía na xestión do gasto público, así como a unha aposta decidida pola estabilidade orzamentaria e financeira do Concello".

Entre os seus logros, os populares citaron no pleno, entre outras cousas, a baixada de tipos impositivos locais en 5 puntos tanto no IBI rústico como urbano; a bonificación para inmobles que posúan actividades agrícolas, o arranxo dalgunhas pistas no rural ou o impulso que se lle deu ao Camiño de Santiago coa construción dunha senda peonil. En palabras do concelleiro de facenda, Luis Arias, "este goberno pode presumir dunha boa capacidade de financiamento, o que nos permitirá facer fronte aos custos dos servizos que se prestan aos veciños e veciñas do Concello de Melide mantendo a estabilidade orzamentaria, o pago a provedores así como o moi baixo ratio de endebedamento desta administración".

Sen o respaldo da oposición

Outra visión completamente diferente é a que ten a oposición xa que nin BNG nin PSOE apoiaron os orzamentos. Dende as filas nacionalistas consideraron que "o PP de Melide presentou uns orzamentos pouco adaptados ás necesidades básicas para o desenvolvemento socioeconómico do concello", e apuntaron que se para o exercicio do 2018 aprobaron un orzamento que non chega aos 7 millóns de euros, no ano 2009 os orzamentos para Melide "xa superaban os 9 millóns de euros". Criticaron ademais que dos 6,8 millóns tan só queden 1,2 millóns para investimentos reais ao esgotar máis de 5 en gastos de persoal e gastos correntes. O BNG esixiu tamén que se executasen as partidas aprobadas e destacou o feito de que o PP se negase a subvencionar o Museo da Terra de Melide, asunto polo que preguntaron no pleno.

Pola súa banda, dende o PSOE xustificaron o seu voto en contra ao considerar que os orzamentos "son o exemplo dun goberno local incapaz de xestionar o día a día do pobo, que non ten solucións para os problemas importantes e, polo tanto, sen proxecto a medio e longo prazo para Melide". O voceiro socialista fixo especial fincapé nas políticas sociais coa "rimbombante e ineficaz 'medida de revulsivo demográfico' dos 300€ por nacemento, cando a natalidade foméntase con emprego digno e políticas de conciliación da vida laboral e familiar". Os socialistas tamén incidiron no feito de que "as obras neste concello xa soan doutras veces, e ou se eternizan, ou non se fan. O Goberno ofrece desculpas variadas e ao final concluímos que lles custa xestionar un orzamento".

POS+2018

No pleno tamén se aprobaron os investimentos propostos polo goberno local dentro do Plan de Obras e Servizos da Deputación do ano 2018, que se repartirán entre gastos correntes, principalmente limpeza viaria e alumeado público (un total de 373.612,21 euros), e obras de mellora na zona do Campo Grande (Camiño Real), cun total de 366.562,92 euros.

Neste senso, dende o BNG non se amosaron en contra das obras, pero criticaron o feito de que se destinasen os restantes 373.612,21 euros a gastos de alumeado e limpeza viaria en vez de a outros proxectos.

O PSOE de Melide propón ampliar a oferta de Formación Profesional

O grupo municipal socialista de Melide, a través do deputado no Parlamento galego e responsable da área de educación, Luís Álvarez, solicitará a ampliación da oferta de Formación Profesional no IES de Melide á Xunta de Galicia ao considerar que este municipio, en relación aos pobos da súa contorna no interior de Galicia, ten un desequilibrio notorio na oferta de formación profesional.

Durante unha visita a Melide, Luís Álvarez anunciou que a proposta non de lei foi presentada o 27 de novembro, e que posiblemente se votará nun pleno no Parlamento de Galicia ao longo deste mes de xaneiro para aprobar ou non a creación do ciclo de Grao Medio de Sistemas Microinformáticos e Redes.

Álvarez afirmou en Melide que "é moi difícil que se poida opoñer a Xunta a unha proposta construtiva coma esta ademais de económica e cun nivel de inserción alto que facilita o emprendemento e fixa poboación na comarca ao ser unha materia polivalente".

Pola súa parte, o voceiro socialista, José Antonio Prado, explicou que " a nosa proposta pasa por ampliar a oferta formativa e ao mesmo tempo continuar potenciando e consolidando as matrículas na existente, xa que o ciclo de madeira é un dos piares fundamentais do IES e funciona perfectamente cun grao de inserción laboral do 100%".

Prado tamén engadiu que despois de manter contactos informais coa ANPA, o colectivo amosouse satisfeito coa idea de ampliar a oferta formativa en Melide e, concretamente, a través das novas tecnoloxías.

O deputado socialista Luís Álvarez, no centro da imaxe, durante a súa visita a Melide

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAStábora

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E.15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

Augas fecais moi preto do instituto

As choivas poñen de manifesto, unha vez máis, os problemas existentes coa rede de saneamento do municipio

As precipitacións dos últimos días sacaron de novo á superficie o problema existente en Melide coa rede de saneamento do casco urbano. Tanto é así que unha vez máis, tal e como denunciou o grupo municipal socialista, a estación de bombeo situada na zona do instituto non deu abasto e as augas fecais volveron a correr pola superficie.

Dende o PSOE consideran que "alguén debería dimitir, xa que en máis de cinco anos non son capaces de resolver o problema. E nós fixemos propostas para o saneamento do pobo que non aceptaron, non teñen solucións nin un plan para isto".

O certo é que cada vez que as precipitacións son frecuentes repítese o mesmo problema dende hai tempo. "O problema do saneamento é habitual dende que goberna o PP, porque ademais de cuestións estruturais, a isto

súmase un deficiente mantemento. Precísase un estudo riguroso que sinale os problemas e as solucións, para despois concretalo nun plan plurianual de inversións. Isto xa foi tratado en pleno, pero o PP negouse", sinalou o voceiro socialista, José Antonio Prado.

Un almanaque para coñecer os topónimos

O Concello de Melide está a repartir entre os comercios da vila calendarios do 2018 de xeito gratuíto. Da mesma forma, os veciños e veciñas que así o desexen poderán conseguir un, ata fin de existencias, achegándose ao propio Concello. A temática do calendario do vindeiro ano profundiza nos topónimos das vilas protagonistas: Melide, Toques, Santiso e Palas de Rei. O almanaque está elaborado polo servizo de Normalización Lingüística que comparten os concellos de Melide, Toques, Santiso e Palas de Rei e está composto por 12 láminas de imaxes dos concellos participantes así como por unha contraportada na que se atopan os teléfonos de interese destes municipios. Ademais de consultar as festividades ou as lúas de cada mes, agora tamén se poderá coñecer un pouco máis sobre os topónimos da contorna.

Achega de 1.300 euros para o club de lectura do IES

Un total de 231 centros educativos de ESO, bacharelato, FP ou ensinanzas de réxime especial poñerán en marcha este curso os clubs de lectura, espazos de dinamización a prol da lectura que, ademais, favorecen tamén a aprendizaxe de competencias clave. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria acaba de publicar a resolución pola que se conceden axudas para sufragar os gastos derivados do desenvolvemento de actividades previstas para este tipo de clubs, fundamentalmente aqueles que teñen que ver coa adquisición de libros, que posteriormente pasarán a formar parte dos fondos da biblioteca escolar. No caso de Melide, o IES recibirá unha achega de 1.300 euros para continuar consolidando o seu club de lectura.

Melloras na iluminación das rúas

O Concello de Melide vén de substituír diferentes puntos de luz en diversas rúas da vila por outro sistema led que axudará a mellorar a eficiencia enerxética da localidade. Son un total de trece luminarias que cambian agora a alumeado led de 40 watios en rúas moi próximas ao Camiño de Santiago como é a avenida dos Senadores, rúa Pintor Nelson Zumel e rúa Inés de Castro. Con este novo sistema preténdese optimizar a eficiencia enerxética destas rúas así como acadar certa mellora en canto a iluminación, ao mesmo tempo que se retiraron fustes e sistemas obsoletos para adaptarse á normativa europea. Con esta actuación, que tivo un investimento próximo aos 10.000 euros, complétase a retirada das denominadas luminarias globo.

O Museo da Terra de Melide pecha de novo por falta de financiamento

O Museo de Melide pecha de novo as súas portas ata o mes de maio, principalmente por falta de financiamento. Así o comunicaron a través das redes sociais: "por quinto ano consecutivo o Museo de Melide vese abocado a pechar as súas portas durante os primeiros catro meses do ano, posto que as limitacións económicas non nos permiten ter aberto sempre. E nese senso queremos agradecer encarecidamente a xenerosa e desinteresada colaboración de todos e cada un dos 229 socios do Museo, xa que sen eles este Museo botaría máis meses pechado".

A entidade celebrará neste 2018 o seu 40 aniversario e prevé abrir de novo no mes de maio. A día de hoxe a única subvención que recibe é a da Deputación da Coruña, o que non permite facer fronte a todos os gastos anuais. A falta de axudas públicas por parte do Concello de Melide ou da Xunta de Galicia impide que poidan desenvolver a súa actividade con normalidade ao longo de todo o ano.

Dende hai anos o Museo tamén realiza labores de información turística

Nos meses que permanece aberto o Museo, ademais de realizar funcións de oficina de turismo, desenvólvense numerosas actividades como por exemplo as visitas guiadas tanto diúrnas como nocturnas xunto a un importante labor de promoción e difusión da cultura e historia da vila.

Nas súas instalacións poden visitarse diferentes coleccións onde destacan as dedicadas aos oficios artesanais, que son visitadas por miles de persoas, vén sexan colectivos escolares, grupos de turistas ou particulares.

Adaptan totalmente o albergue público para as persoas con discapacidade

Os albergues de peregrinos de Melide e Ribadiso (en Arzúa) convertéronse nos primeiros da rede da Xunta en acadar a accesibilidade universal. Así o puido comprobar na súa visita a Melide a directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, tralas melloras experimentadas nos últimos meses destinadas a facilitar o acceso e a estadía a persoas con diversidade funcional.

As actuacións en Melide e Ribadiso, cun investimento conxunto de preto de 200.000 euros, supuxeron a adaptación das contornas dos albergues, con ramplas de acceso, colocación de varandas, establecemento de percorridos secundarios, substitución dos vellos pavimentos por outros antideslizantes e diferenciados ou acondicionamento de prazas de aparcamento.

No interior, colocáronse zócolos protectores en portas, que foron ampliadas nos casos nos que se viu necesario, así como bandas de sinalización entre outras accións. Na recepción, adecuáronse os postos do persoal responsable para atender aos peregrinos con mobilidade reducida e colocouse un bucle magnético para persoas que empregan audífonos. Os aseos son tamén accesibles, ao igual que os dormitorios, que contan agora con camas á altura correcta. As melloras esténdense ao mobiliario de cociñas, salas compartidas ou lavadoiros.

Na súa visita aos albergues Nava Castro estivo acompañada por diferentes autoridades e membros de colectivos que traballan pola inclusión social

Estas actuacións forman parte do Plan de accesibilidade turística de Galicia e do Camiño de Santiago.

Melloran a accesibilidade no cemiterio municipal de Furelos

Unha das obras acometidas antes de que rematase o pasado ano foi a mellora da accesibilidade no cemiterio municipal de Furelos; unha serie de obras co obxectivo de facilitar o acceso a cadeiras de rodas e a persoas con mobilidade reducida. Para iso cambiouse a pavimentación deste lugar de grava a formigón armado. Dentro destas obras tamén se realizou o ancheado de acceso a diversas áreas do cemiterio. O Concello de Melide tamén puxo en marcha na zona, diferentes accións para tentar mellorar a condución de pluviais dotándoa de novos sumidoiros. Os traballos foron realizados con fondos propios.

Máis de 35.000 euros para as asociacións da vila

O Concello de Melide aprobou en Xunta de Goberno Local máis de 35.000 euros que se repartirán entre sete asociacións da vila ao longo deste 2018. Son asociacións de carácter social, deportivo e cultural que se beneficiarán de varios convenios que xa están aprobados. A alcaldesa Dalia García explicou que "con estas axudas pretendemos que a actividade social, deportiva e cultural da vila siga manténdose como o ven facendo ata o momento. Melide é unha vila con moito dinamismo xa que nas fins de semana, nadal, verán, entroido e en datas marcadas enche as súas rúas de actividade".

Melide recibiu preto de 17.000 turistas nos últimos seis meses do ano

A oficina de Turismo fixo balance das visitas que se realizaron nos últimos meses as súas instalacións. O dato que se desprende deste pequeno estudo é dun total de 16.817 persoas, que se achegaron ata esta oficina para interesarse por Melide, a súa gastronomía e o seu patrimonio cultural e arquitectónico.

Cara finais de ano, segundo informaron técnicos de Turismo "notouse un descenso considerable de visitantes, pero apreciamos que os que se achegaban tiñan máis tempo para o seu percorrido pola vila, non como sucedía cos peregrinos no mes de xullo ou agosto, cando chegaban máis apurados buscando albergues onde pasar a noite debido a alta afluencia de visitantes".

Segundo reflicten os datos, o mes de menor afluencia foi decembro, con 218 visitantes; seguido de novembro con 777, xullo con 2.653, outubro con 3.502, agosto con 4.493 e setembro, o mes de máis visitas, con 5.147.

No último trimestre visitaron a oficina de Turismo de Melide un total de 4.497 persoas, notándose un descenso de visitantes a finais de ano e un repunte de peregrinos no mes de outubro, cando mesmo se superou a cifra do mes de xullo.

Bus turístico

Dende o Concello de Melide tamén quixeron facer especial fincapé no éxito que tivo o bus turístico que dende a concellería de Turismo se puxo en marcha durante os meses de xullo, agosto e setembro, e no que participaron milleiros de visitantes, tanto turistas como xente da comarca.

Cambian a cuberta na bancada do campo de fútbol municipal

As instalacións do campo de fútbol municipal verán reforzada a estrutura metálica da bancada. A obra principal que se está levando a cabo é a retirada total da uralita que cubría este espazo e que se atopaba moi deteriorada polo paso do tempo, así como tamén polas diferentes inclemencias meteorolóxicas que azoutaron a vila no último ano, especialmente o temporal Kurt, que a deixou moi danada. A maiores do recambio da cuberta tamén se está a reforzar a pintura da estrutura metálica.

Santiso e Vila de Cruces pedirán unha barcaza nova para cruzar o encoro

Os alcaldes trasladarán a petición á Xunta e dende a asociación de afectados pedirán o apoio do Concello de Melide

Barco que cruza no encoro de Portodemouros

"Pedimos unha barcaza nova para satisfacer as necesidades de paso da xente entre dúas provincias no encoro de Portodemouros, non é por pracer", así de contundente é a reivindicación de José Luis Carril, voceiro da Asociación de Afectados do Encoro de Portodemouros. Unha barcaza nova que cumpra as necesidades de servizo, así como a mellora nas ramplas de acceso e na iluminación da zona para garantir a seguridade na entrada e saída deste transporte.

Integrantes desta plataforma mantiveron unha xuntanza cos alcaldes de Santiso, Manuel Adán, e de Vila de Cruces, Jesús Otero, onde acordaron instar á Xunta de Galicia a que tome medidas para solucionar este problema.

"O problema vén de vello, de hai moito tempo", explica José Luis, "hai unha barcaza dende o ano 74, nun primeiro momento conseguimos que se aumentase a súa capacidade, pero non modificaron as ramplas de acceso tal e como se necesitaba para vehículos de maiores dimensións. Os Concellos din que non teñen presuposto, pero xa non é cuestión de orzamentos, é cuestión de que se se ten unha concesión para o aproveitamento do río Ulla, unha das condicións desa concesión é precisamente o bo funcionamento do barco. E non o están cumprindo". Ante isto acordaron solicitar unha reunión coa Consellería de Medio Ambiente e tamén coa de Infraestruturas.

Melloras de iluminación e sinalización

O problema non só radica nas obras de ampliación das ramplas. Este colectivo demanda melloras na iluminación e sinalización dos accesos para garantir a seguridade. "Non hai unha sinalización adecuada, ao largo da rampla hai un desnivel considerable, sobre todo na cima. Cremos que hai que sinalizar a zona porque vai alguén de noite despistado e pode baixar para o encoro, pode afogar. Realmente alí non hai ningunha barreira de protección".

Deficiencias no servizo

Dende a Asociación de Afectados do Encoro de Portodemouros tamén denuncian a frecuencia das avarías no servizo. "O barco é moi antigo e estragase habitualmente, por poñer un exemplo o ano pasado contabilizamos en decembro unhas tres ou catro interrupcións, e estamos falando de ao mellor unha semana sen servizo. Nin sequera sabemos se reúne as condicións de seguridade e ninguén fai nada porque se cumpran".

Co apoio dos alcaldes de Santiso e Vila de Cruces, dende esta plataforma tamén solicitarán agora o apoio do Concello de Melide. "Tamén queremos falar coa alcaldesa de Melide, porque este é un tema que afecta a moita xente.

Trátase dun paso que empregan persoas de moitos municipios, entre eles o de Melide, ben sexa para ir a traballar ou para ir ao mercado, ou outro tipo de cousas e, non sei o dato exacto, pero estamos falando dun paso no que ao ano se realizan ao mellor vinte ou trinta mil transbordos".

FOTO-DENUNCIA

E se fose o noso salón?

Xa o denunciaron a través das redes sociais hai máis dunha semana, pero o certo é que este vertedoiro no lugar de Prados, no concello de Toques, continuaba repleto de lixo ao peche desta edición. A denuncia non chamaría tanto a atención se non fose porque hai pouco máis dun mes que o propio Concello organizou unha campaña de recollida de residuos mobiliarios das vivendas e, ademais, no municipio tamén hai servizo de Punto Limpo. Así que, sexamos un pouco máis civilizados e considerados co medio ambiente, que ao final é a casa universal na que todos vivimos e que todos compartimos. Seguro que no salón da nosa casa non actuamos así.

Un orzamento "inversor e social" para un concello rural como o de Toques

O Concello de Toques aprobou de maneira inicial na sesión extraordinaria do pleno celebrado o día 18 de decembro o orzamento para o ano 2018 que ascende a 1.595748,05 euros.

En dito orzamento destaca o apartado de inversións ou investimentos que é de 629.846,78 euros, o que supón que o 39,50% do orzamento deste ano estea dedicado, en exclusiva, a crear novas infraestruturas e a restaurar ou rehabilitar infraestruturas xa existentes para os veciños do municipio. Dentro deste apartado de inversións, hai que destacar o programa de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, o coñecido como POS + 2018, que supón un investimento total de 349.149,52 euros que servirán para financiar obras que van a afectar ás parroquias de Brañas, Villamor, San Martíño e Ordes , entre outras.

Dito esforzo inversor non terá repercusións negativas para outras prioridades de carácter social xa que, por exemplo, aos programas de benestar comunitario (servizos mínimos e fundamentais para os veciños como as redes de abastecemento e saneamento de augas, a recollida de lixo, etc) dedícase un importe total de 343.141,01 euros (o 21,50% do total do orzamento), e aos programas de servizos sociais e promoción social (servizos básicos como o servizo de axuda no fogar, atencións de emerxencia social, axudas a natalidade e para material escolar) dedícase un importe total 281.141,24 euros (o 17,62%).

"En conclusión, pódese dicir, sen risco a equivocarse e coas cifras na man que se trata dun orzamento netamente inversor e social, que son dous dos obxectivos básicos que debe cubrir e atender un concello rural como é o Concello de Toques", indicou o seu alcalde, José Ángel Penas.

A alcaldesa de Sobrado ve "complexa" a posibilidade dunha moción de censura

A rexedora actual de Sobrado chegou á alcaldía o pasado mes de marzo

Tralas últimas novas aparecidas na prensa sobre a posibilidade dunha moción de censura, a alcaldesa de Sobrado, María Jesús García, prefire descartar esa posibilidade e afrontar un novo ano con ilusión e ganas de traballar. "É certo que nós chegamos ao goberno a través dunha moción tamén, e nese momento decidimos pactar co PP porque entendemos que as cousas non se estaban facendo ben, que había outra maneira de facelas. É verdade que ao longo destes meses tivemos algún que outro desencontro, algunha cousa na que non estivemos de acordo, pero coas últimas dimisións agora mesmo van a entrar tres concelleiros novos que son tres persoas coas que a verdade eu estou ilusionada e confiada en facer un bo equipo, porque nós seguimos tendo un pacto de goberno e un equipo de goberno. É verdade que a posibilidade dunha moción saiu na prensa, pero a min non me consta para nada, e non digo que non sexa posible pero bueno, sería complexo".

Dende que chegou á alcadía os malentendidos cos socios de goberno foron frecuentes, mais a polémica desatouse coa reestruturación do servizo de urbanismo e o consecuente cese dunha técnico de Urbanismo contratada con anterioridade. Tralo pleno celebrado o día despois de Nadal, os tres concelleiros do PP presentaron a súa dimisión. Con todo isto, a rexedora municipal opta por mirar ao futuro. "Si que tivemos desencontros e alguna sorpresa ao longo destes meses, pero eu a verdade non penso nesa opción, eu vexoo en positivo e creo que con estes novos tres concelleiros podemos facer moitas cousas e que seremos un equipo máis activo, porque é certo que acabamos de chegar á política, pero o noso balance é moi bo. Queremos cambiar algunas cousas e os cambios sempre resultan complicados, porque aquí arrastramos dende hai moitos anos a mesma maneira de facer todo. Ademais, vemos que temos o apoio de moitos veciños, e gústanos que a xente crea que se poden cambiar as cousas".

Entre os principais desafíos para este 2018, María Jesús García destacou a dinamización da economía, do rural e do turismo así como optimizar os recursos do Concello, pero sobre todo "2018 ten que ser o ano no que consigamos regularizar o servizo de abastecemento da auga, que é un problema grave que ten Sobrado".

A polémica na reestruturación do servizo de Urbanismo

A alcaldesa de Sobrado xustificou a adopción desta medida tendo en conta os resultados dos últimos meses e seguindo o criterio doutros concellos da contorna que teñen externalizado o servizo mentras non se poida cubrir a praza cun funcionario municipal.

"No Concello de Sobrado tramítase un escaso número de licenzas durante o ano e, aínda así, o tempo de tramitación é tan longo que en moitas ocasións provoca que os promotores ou solicitantes perdan axudas doutras administracións co conseguinte prexuízo patrimonial. O servizo municipal non é eficiente". E engadiu que "esta situación vénse arrastrando durante os últimos anos e sorprende que os anteriores alcaldes non se preocupasen por un asunto de tanta gravidade que prexudica a moitos veciños", concluíu.

Sancións para as plantacións que non cumpran as distancias regulamentarias

A Consellería do Medio Rural comezou no último trimestre do pasado ano unha campaña para o control de plantacións de arborado á beira das estradas, co obxectivo de que estas cumpran coas distancias regulamentarias. Lévanse revisadas xa a través desta nova iniciativa 85 predios dos cales logrouse que se adaptaran á normativa 43 e o resto están en proceso.

En concreto, no mes de outubro comezouse un novo traballo na provincia da Coruña para facer cumprir este apartado da Lei de Montes. Para iso, a través de fotografías aéreas identificáronse aquelas parcelas que parecían incumprir a normativa. A continuación fíxose unha comprobación de campo e no caso de confirmar as irregularidades identificouse aos propietarios mediante a información catastral. Como novidade, en cada unha delas instalouse un cartel indicando

que a citada plantación era ilegal, os motivos, e a sanción á que se expoñen os propietarios en caso de non actuar para corrixir a infracción. A multa vai de 100 a 1.000 euros no caso das infraccións leves e de 1.001 a 100.000 euros para as graves. Este paso implica que o aviso é público, coa repercusión que esta advertencia ten non só para ese propietario, senón tamén para os que están ao seu arredor.

Os propietarios afectados teñen un prazo de actuación, sinalado no propio cartel, ata que os técnicos da Xunta volvan a inspeccionar a zona. Estas novas actuacións continuarán no 2018 e estenderanse a toda Galicia.

Santiso estrea pavillón tralas reformas efectuadas

O sábado 30 de decembro celebrouse en Santiso o primeiro evento despois das obras de mellora que durante dous meses se levaron a cabo nos pavillóns de Arcediago e Visantoña. Ditas obras centráronse na pista, cuberta e paredes laterais, pero tamén en realizar unha mellora estética da estrutura. "Con estas obras tratamos de humanizar parte das infraestruturas de Santiso para que os nosos veciños poidan gozar destas instalacións da maneira mais cómoda, e as actividades que realizan a diario sexan do mais agradable", indicaron dende o Concello. O evento foi organizado polo Concello de Santiso coa colaboracion da U.D.Santiso. Consistiu en dous encontros, o primeiro de fútbol sala masculino enfrontou a U.D.Santiso co Santiso-Solaina Veteranos, e o segundo partido, a U.D.Santiso feminino co Melide fútbol sala feminino.

Que servizos ofrece Asetem?

- **Asesoría xurídica, fiscal e laboral**

  Resolve gratuitamente todas as túas dúbidas de man dos profesionais cualificados da Confederación de Empresarios da Coruña, da Federación Galega de Comercio e da Federación de Autónomos de Galicia, organismos nos que estamos integrados.

- **Información e tramitación de axudas**

  Achegamos de forma puntual información sobre todas as subvencións e liñas de axuda ofertadas dende os diferentes organismos. Se o precisas, tramitámosche as solicitudes de xeito gratuíto. Tamén informamos sobre os cambios lexislativos de relevancia.

- **Organismo acreditado**

  Asetem é un organismo acreditado para a realización de cursos oficiais de manipulador de alimentos, benestar animal e transporte de animais vivos. Estamos habilitados para intervir como árbitros ante calquera conflito que se dirima no Instituto Galego de Consumo.

- **Un espazo de comunicación**

  A asociación de empresarios é a responsable do Xornal Cerne, publicado mensualmente dende 2004 como unha ferramenta de difusión da actividade comercial e de información plural para a veciñanza. Na nosa páxina web tes outra canle de comunicación e tamén un espazo para o teu negocio.

- **Convenios con garantías**

  Accede a vantaxes na contratación de servizos para o teu negocio grazas aos convenios que asinamos con entidades como Banco Sabadell, La Caixa, Seguridade A-1 ou Radio Melide.

- **Oferta formativa**

  En Asetem organizamos cursos formativos pensando nas necesidades dos nosos asociados: Escaparatismo, técnicas de venda, prevención de riscos laborais, oratoria, habilidades directivas, primeiros auxilios, redes sociais e internet...

- **Feiras, eventos e campañas**

  Poñemos en marcha numerosas iniciativas ao longo do ano co obxectivo de dinamizar o tecido produtivo local e crear vida na comarca. Son campañas como a de "Este Nadal toca en Melide", o "Bono Asetem", a feria de oportunidades "Mercamelide", a "Noite Aberta", o "Black Friday" ou a pasarela de moda "Melide está de moda".

- **Cesión gratuíta do local**

  As instalacións de Asetem están a disposición das empresas asociadas sempre que o necesiten.

- **Bolsa de traballo**

  Axudámosche a atopar o empregado que necesitas.

CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM

Aínda non lle ves as vantaxes? Asóciate!!

YA VERÁS CUANDO SE ENTERE
QUE TIENE QUE TRABAJAR
HASTA EL 31 DE ENERO
Tchin Tchin
ESPECIAL FIESTAS
¡PROLONGADO!
TU 2º Y 3er PAR DE GAFAS
POR 1€ MÁS*
*Ver condiciones en óptica. Oferta válida hasta el 31/01/2018
RONDA DA CORUÑA, 16 · MELIDE
ALAIN AFFLELOU

REBAIXAS en MELIDE

Alfonso Modas
María José Vilar Soutiño
Rúa Mateo Segade Bugueiro , 13
15800 MELIDE (A Coruña)
Telf. 981 50 54 58

El Sándolo
MODA HOME - MULLER
Tfno.: 981 50 63 70 -610 75 78 84
Rúa do Convento, 15
15800 MELIDE

Camiño de Ovedo, 13
981 50 51 60
MELIDE

Calzados
Broz
Ronda da Coruña, 24
981 81 56 19
MELIDE

Tu Boutik
Ronda de Pontevedra, 61
15800 Melide
(A Coruña)
Telf. 881 956 394
tuboutik@hotmail.com
tuboutik@blogspot.com

GRANDES DESCONTOS
- Moda para señora e cabaleiro
- Primeiras marcas do mercado
- Tallas especiais
Cabaleiro: 38 - 76
Señora: 38 - 68

REBAIXAS en Melide

Ekaté
Cantón de San Roque, 11
15800 Melide (A Coruña)
881 97 74 17
www.ekate.es
ekateoficina@gmail.com

San Pedro, 4
MELIDE
Pequeniños
ZAPATERIA INFANTIL
Tlf:
981 50 79 66

Sueños
MODA INFANTIL
981 50 17 87
R/ Alexandre Bóveda, 2

Moda hombre y mujer
Trajes de comunión
M&M moda
Tfno.: 981 942 415
Travesía do Convento, 1
15800 MELIDE (A Coruña)
andreasarai2010@hotmail.com

Tfno.: 981 50 59 08
Alexandre Bóveda, 10
15800 - Melide
ASARELA

REBAIXAS
sport MODA
twitter
ARZÚA, Ramón Franco, 27
Tfno.: 981 50 03 71
MELIDE, Cantón de San Roque, 38/40
Tfno.: 981 50 76 01

* Puericultura
* Infantil
* Lencería
* Mercería
MIS MEJORES LABORES
Tlf.: 981 50 90 85
Ronda da Coruña, 38 - MELIDE

“Por desgraza hai moita necesidade ao noso arredor, e non só no Nadal”

Solidariedade e deporte da man, na San Silvestre de Melide

Coincidindo co último día do ano e ao igual que en moitos puntos da xeografía galega e nacional, en Melide tamén se celebrou a tradicional carreira de San Silvestre. O evento foi organizado pola asociación deportiva Cerne Melide e contou coa colaboración do propio Concello. Pese ao mal tempo na carreira participaron ducias de persoas, tanto maiores como pequenos, que ao mesmo tempo que realizaron o percorrido gozaron dunha xornada familiar. Pero se por algo se caracteriza esta popular competición é pola solidariedade, que este ano acadou cifras semellantes a edicións anteriores en canto á recollida de alimentos. Conversamos con Dolores Rodríguez, de Cáritas Parroquial Melide, para facer balance desta iniciativa un ano máis.

.- Como foi a participación este ano?

.- Dolores Rodríguez (D.L.): A pesar de que tivemos un día horrible e de que coincide nunha xornada na que normalmente a xente está nas casas coas súas familias preparando todo para despedir o ano, tivemos moita xente, incluso moitas nais e pais cos seus pequenos. En canto aos alimentos recollidos non sei exactamente aínda cantos quilos foron, pero a verdade é que foron moitos, porque coma sempre a xente responde. E no que se refire aos produtos, pois máis ou menos igual que sempre: conservas, leite, galletas, aceite, pastas, arroz, tomate, incluso cueiros, cousas para os nenos, produtos de hixiene, etc. Pola cantidade e o volume de bolsas é a mesma cantidade de sempre, pero para nós é moito porque sempre nos axuda a ir tirando un tempiño máis e son cartos que aforramos en alimentos e que podemos ir gastando en outras cousas como en recibos de luz, aluguer ou bombonas de butano.

.- Entendo que por desgraza, as campañas de recollida de alimentos son necesarias ao longo de todo o ano

.- D.L.: Si, son necesarias ao longo de todo o ano porque os beneficiarios son os mesmos, non desaparecen; desgraciadamente necesidades hainas sempre. Parece que aproveitamos a solidariedade do Nadal porque todos estamos un pouco máis sensibles, pero ademais de galas solidarias ou eventos deportivos, dende Cáritas tamén organizamos o día de Corpus coa colocación de mesas en diferentes puntos da vila onde se recollen fondos, tamén temos socios e non socios que están aportando ao longo de todo o ano e, no último domingo de mes o diñeiro recadado na igrexa tamén é para Cáritas. De todos modos todo o recadado, que para nós é moito, non chega para todo o ano, en dous ou tres meses témolo esgotado, porque o leite por exemplo tómase todos os días, ou o aceite, que tamén se consume todos os días.

.- Que ten que facer unha persoa que desexe axudar en calquera momento?

.- D.L.: Se alguén quere facer algún donativo pode acercase á entidade bancaria ABANCA e alí xa lle fan o ingreso na nosa conta, ou senón no local de Cáritas que está aberto os tres primeiros martes do mes pola tarde e os mércores pola maña. E moitas veces tamén a través dos voluntarios directamente aportándolles cousas, alimentos, etc. Iso si, ás veces “abusamos” un pouco dos medios de comunicación cando precisamos algo en concreto como pode ser un berce para un neno. Xa digo, hai diferentes maneiras de contactar con nós e tamén nós facemos algún chamamento de vez en cando.

.- Que se fai co recadado, como se distribúe?

.- D.L.: Gardamos todo no local social que está na reitoral. Ás familias que habitualmente son beneficiarias de Cáritas ímoslles dando cada mes un paquetiño en función do número de persoas que compoñen a familia. E despois tamén hai persoas que precisan axuda nun momento puntual porque están pasando un mal momento e préstaselles esa axuda.

.- A cantas familias axudan?

.- D.L.: Temos unha media de corenta e cinco familias beneficiarias habituais, algunhas delas poden comprar algún produto pola súa conta, pero outras soamente teñen o que nós lles damos, e hai que repartir moito. O 95% destas familias pertencen a Melide e parroquias, pero tamén contamos con algunha familia de Santiso e chegou a haber algunha de Arzúa.

.- Falamos de pobreza a miúdo, diría vostede que medrou/baixou?

.- D.L.: Penso que se mantén, hai familias que atravesaron unha mala racha pero que deron saído desa situación, pero chegaron outras novas. Así que isto a menos non vai. De feito, dende aquí quero aproveitar para dar as grazas a todas as persoas que ao longo de todo o ano están pendentes das necesidades que hai na súa vila, porque na actualidade ás veces pérdese a sensibilidade con estas situacións e ao noso arredor hai moita necesidade. Eu sempre digo que pedir non é agradable nin fácil e hai que poñerse na situación dos demais. Hai xente que o pasa moi mal, e sobre todo cando hai nenos polo medio. Así que dende aquí grazas a todos: institucións, voluntarios, socios, non socios, particulares, a todo o mundo por axudarnos.

Pese ao mal tempo a participación na carreira de San Silvestre foi masiva, ao igual que a solidariedade, que permitiu recoller gran cantidade de alimentos. Fotos: Turismo Melide

CAMPAMENTO DE NADAL NA MARTAGONA

Trinta e cinco nenos e nenas do Colexio da Martagona con idades comprendidas entre os 3 e os 9 anos participaron no campamento de Nadal organizado pola ANPA do centro, co obxectivo de contribuír á conciliación da vida laboral e familiar durante este período de vacacións.

Ao longo de dúas semanas, en horario de 9.00 a 14.00 horas, os máis cativos tiveron tempo de realizar multitude de actividades, todas elas a cuberto, xa que as condicións meteorolóxicas non acompañaron para poder organizar saídas.

Cada día, durante as primeiras horas da mañá realizáronse diferentes actividades e xogos deportivos para dar paso máis tarde a obradoiros e talleres creativos, tales como coñecer e comprender a identidade corporal, a realización dun conto con pictogramas ou cociñar o pan grazas á colaboración da panadería Tarrío.

O venres día 5 tivo lugar a clausura ás 12.00 do mediodía coa presenza dos pais e nais dos cativos, e que consistiu nunha gala con un baile e a proxección dun vídeo no que se recolleron as mellores imaxes de todo o campamento. Xa para rematar celebrouse unha gran merenda para pequenos e maiores.

PINCELADAS DO NADAL

GALA DE NADAL DE ASETEM

Rematada a campaña de Nadal da Asociación de Empresarios Terra de Melide, o luns 8 de xaneiro celebrouse na Casa da Cultura o sorteo dos premios ante preto de 300 persoas. O evento estivo conducido polo presentador Pepe Capelán e contou tamén coa actuación do grupo Fillos do Estramonio. Especial agradecemento merecen os nenos e nenas que se prestaron a axudar para sacar os números do sorteo.



UN BELÉN PARA ADMIRAR

Como todos os anos, os usuarios do Centro Ocupacional de Melide recrearon un Belén na igrexa parroquial da vila. Para iso contaron coa axuda da súa profesora e tamén do párroco.

BRINDE DE ANINOVO

É xa toda unha tradición, despois das doce badaladas sempre toca brindar e celebrar o ano que comeza, e así foi como os socios e socias do Centro Social de Melide comezaron 2018, brindando a tarde do 1 de xaneiro. O brinde estivo amenizado pola música de Suso de Boente.

CANTAR DE REIS

Outra das grandes tradicións do Nadal é saír a cantar os Reis, e precisamente iso é oque fixeron un grupo de amigos en Toques.

A NOITE MÁIS MÁXICA

Melchor, Gaspar e Baltasar ao seu espectacular paso por Melide

Os Reis Magos atendendo as peticións en Sobrado

As súas Maxestades tamén tiveron moito traballo en Toques

En Santiso pequenos e maiores saíron a acompañar a cabalgata

Bos resultados na primeira volta para o Melide Fútbol Sala Feminino

O equipo retoma a competición o 13 de xaneiro ante o líder

Tralo parón de Nadal, o sábado día 13 de xaneiro volven á competición as xogadoras do Melide Fútbol Sala Feminino na categoría sénior, e farano cun partido ante as primeiras da táboa coa intención de continuar loitando polo ascenso.

Pero antes de retomar a liga o equipo fixo balance desta primeira volta na que predominaron os bos resultados; e é que dos nove partidos xogados gañaron sete, empataron un e perderon outro. Balance polo tanto máis que positivo coa única pega da rabia e a impotencia que sentiron ao perder un encontro e empatar outro. Dende o club sinalaron que "ás veces non podemos facer nada porque por moito que o intenten e poñan sobre o campo todo o seu empeño e esforzo, as cousas non saen e rematas perdendo e sentindo unha gran impotencia. Aínda así, as xogadoras son competitivas ao máximo e saben recompoñerse e pensar xa no seguinte partido".

Hai que destacar un maior mérito se cabe nos resultados do Melide Fútbol Sala Feminino ao xogar practicamente toda esta primeira volta sen algunhas das xogadoras clave como foi o caso de Patri ou Alexandra, que estiveron lesionadas case toda a competición.

Ascender: o obxectivo

Durante a paréntese de Nadal aproveitaron para descansar e repoñer forzas de cara ao importante partido do 13 de xaneiro, que ademais coincide co remate da primeira volta e que será en Melide.

Tralo encontro do sábado 13 comezarán a segunda volta con forzas renovadas e ver así se son capaces de manterse na parte alta da táboa e ascender, ou en último caso rematar nos primeiros postos. Tendo en conta que nesta liga só pode ascender un conxunto, dende o club consideran que o equipo está máis que preparado para subir de categoría.

Bos resultados do equipo cadete

Ata aquí os resultados do conxunto sénior, pero é que as cadetes non se quedaron atrás e obtiveron tamén uns bos resultados nesta primeira parte da liga, mantendo unha liña regular. Dos seis encontros disputados gañaron tres partidos, perderon dous e empataron un. "Nesta categoría o que tentamos é competir e adestrar, pero se os bos resultados acompañan mellor que mellor", explicaron dende o club.

Pola súa parte, Fran Monterroso e Pablo Gómez, adestradores do Melide Fútbol Sala Feminino, manteñen a liña de traballar a fonfo durante a semana para amosar o mellor do equipo en cada partido. Así por exemplo, durante o mes de setembro traballouse moito máis o físico porque comezaba a temporada, mentres que a partir do mes de outubro o ritmo dos adestramentos foi de dous días á semana: os mércores e os venres. Corpo técnico e xogadoras conforman un equipo unido no que predomina o bo ambiente, tal e como demostraron o pasado mes de decembro coa celebración da súa cea de Nadal.

Fran Monterroso e Pablo Gómez, adestradores do Melide F. S. F.

Finalmente, a liga provincial na que compite o equipo sénior rematará en abril mentres que a liga cadete acabará no mes de marzo e, seguramente, en ambos casos tamén se disputará un torneo de copa.

PATINAXE SOBRE XEO EN COMPOSTELA

Un grupo de rapaces e rapazas de Melide acudiron a patinar sobre xeo en Santiago de Compostela, dentro das actividades culturais que programou o Concello de Melide o pasado Nadal. Ademais de gozar dunha xornada de lecer aproveitaron a ocasión para practicar un deporte clásico de inverno como é a patinaxe sobre xeo.

NOVO ÉXITO PARA A DEPORTISTA NEREA IGLESIAS

A sala de esgrima da Escola Ayude de Santiso rematou o ano e comezou o 2018 da mellor maneira posible despois da participación na concentración internacional celebrada en Valladolid os últimos días do pasado ano. Alí participou xunto cos seleccionadores nacionais de España e Italia. Pola súa banda, Nerea Iglesias participou no ránking cadete de Castela e León acadando o posto máis alto, co que nesta temporada a Escola Ayude busca outra medalla nacional nesta categoría. A vindeira cita para esta deportista será en Logroño no vindeiro mes de febreiro en individual e por equipos. Na foto, Nerea Iglesias en primeira posición.

Vitoria para os arzuás Xoel e Diego no torneo de tenis dobres de Toques

O frío do pasado 16 de decembro non impediu que se disputase o torneo de tenis dobres no pavillón do Souto, en Toques. A xornada foi breve xa que nesta edición tan só participaron catro parellas. Comezaron coa fase previa na que xogaron todos contra todos ao mellor dun set a nove puntos. Nesta ocasión foron un total de sete partidos e despois da fase previa xogouse a final directamente. O partido definitivo disputado entre os melidenses Ricar e Rober e os arzuás Xoel e Diego, os catro asiduos nas finais do Circuíto de Tenis de Toques, foi entretido. Por un lado a parella arzuá foi máis eficiente no servizo e por outro lado a parella melidense sufriu para ganar o seu servizo. Logo, durante os puntos os catro finalistas despregaron un bo arsenal de golpes que por ocasións deron un ritmo trepidante ao xogo. Finalmente a vitoria foi para a parella de Arzúa.

Presentado un novo *Terra de Melide* 84 anos despois

A reedición foi posible grazas a un grupo de 12 ex-alumnos do IES de Melide que sufragaron os gastos

Un momento da presentación con Soqui Cea, o mestre Xulio Pérez e parte dos alumnos que fixeron posible a reimpresión. Destacar que, esgotado dende hai décadas, nesta ocasión reimprimíronse 200 exemplares do Terra de Melide

Que en Melide hai tradición e cultura ninguén o cuestiona. E por se aínda quedaba algunha dúbida, o pasado sábado día 30 de decembro viviuse unha xornada emotiva e memorable coa presentación na Casa da Cultura da terceira edición do libro Terra de Melide, editado por primeira vez no ano 1933 da man de Ánxel Casal, e cunha segunda reimpresión no ano 1978 a cargo de Edicións do Castro.

Esta nova reimpresión foi posible grazas ao premio que no ano 1994 recibiron un grupo de 12 alumnos do IES de Melide (6 mozas e 6 mozos), cun traballo sobre os muíños da comarca baixo a dirección do mestre Xulio Pérez. O proxecto levaba por título *Unha especie en perigo de extinción: os muíños como elementos etnográficos*, e pretendía catalogar e estudar unha boa parte dos muíños da comarca.

"Na memoria daquel proxecto os seus protagonistas manifestaron que o "deseñaran para poder continuar, aínda que moi modestamente e coas limitacións que nos son propias, o labor dos nosos devanceiros, que aló polo ano 1929 e baixo o paraugas do Seminario de Estudos Galegos, deron a luz ao clásico Terra de Melide", explicou Soqui Cea, membro da Directiva do Museo Terra de Melide.

"O informe final daquel proxecto xunto con todo o seu proceso de elaboración recibiu no ano 1994 o premio estatal, na categoría sociocultural, do VII Certame de Jóvenes Investigadores organizado polo Ministerio de Educación y Ciencia. O 14 de outubro de 1994 o premio de 800.000 pesetas fíxose efectivo, a través dun cheque, nunha entidade bancaria da vila de Melide. Con boa parte daqueles cartos fíxose posible agora a reimpresión de 200 exemplares do Terra de Melide".

O acto de presentación do libro, organizado polo Museo da Terra de Melide, contou coa presenza de Camilo Díaz (fillo de Isaac Díaz Pardo, familia propietaria dos dereitos de edición do libro); así como do director do Museo da Terra de Melide, Xosé Manuel Broz, e ex-alumnos e representantes do grupo de ex-alumnos/as que recibiron o premio hai máis de vinte anos.

A presentación do acto correu a cargo de Soqui Cea Vázquez e pechouse cun concerto do grupo de música tradicional Os Melidaos que, precisamente, teñen posto música a versos recollidos no libro Terra de Melide. O coñecido grupo musical tocou pezas do seu último disco, Festa na Codeseira.

Pola súa banda, o destino quixo que coincidisen no tempo que ao longo do ano 2017 se cumprise o primeiro medio século de vida do IES de Melide, así como se cumpren tamén os primeiros corenta anos da existencia "dun soño colectivo chamado Museo da Terra de Melide e non hai mellor xeito de rematar este ano que reimprimindo esta xoia da nosa cultura".

Mulleres, rebeládevos!

Iván Gómez Blanco, Xornalista

Fotograma da película Thelma & Louise

Sigo aínda coa resaca do Nadal. Por prescrición médica fun abstemio dende o día 24 de decembro ao 6 de xaneiro pero a cabeza non para de darme voltas. A falta de alcohol e de cuñados que saben de todo, bótolle a culpa a esas conversas de cea de amigos con gorros de Papá Noel, de sobremesas de Noiteboa e de brinde de Aninovo que tanto dan de si.

Xa hai uns poucos anos que vivo neste mundo. Teño ollos e orellas coma calquera e non descubro nada novo se digo que a nosa sociedade é machista. Pero este Nadal, supoño que froito da casualidade, escoitei e vin tantas cousas xuntas que xa non podo deixar de ver o machismo como un problema social moi grave, moito máis do que eu imaxinaba. E parécenos que avanzamos, pero non, aí segue: transformándose, adquirindo novas formas para os novos tempos, pero implacable no día a día das mulleres.

A miña resaca de Nadal comezou cunha conversa sobre as vestimentas de Noitevella e as prendas que as mozas (as mozas) levan ese día para celebrar o cambio de ano. Claro, unha cousa é ir elegante e outra e ir "pedindo guerra", que disque é o que acontece cando levan un escote, unha saia curta e se soben a uns tacóns. Vestimentas así parece ser que poden traer moitos problemas porque "se pasa un perturbado pola rúa á primeira que se vai é á que máis chama a atención". Así que xa sabedes, rapazas, non provoquedes os instintos violadores de homes sen dous dedos de fronte.

Cando un intenta explicar que o problema non está na roupa, senón na mente e nos ollos de quen mira e que no fondo se trata dunha cuestión de liberdade da muller para vestir o que lle pete, todo o mundo parece estar de acordo: "por suposto, faltaría máis! Que vistan como queiran, pero algo decente". Decencia, esa bendita palabra que xunto coa expresión "ser recatada" ten a virtude de retrotraernos a tempos nos que había unha moral do ben que debía ser respectada (polas mulleres). Que é ser decentes? A roupa fainos máis ou menos decentes? A conversa xa ía camiño dunha gran borracheira mental cando unha nai toma a palabra para dirixirse á súa filla adolescente con ese xesto propio que se adopta para dar bos consellos: "ti a roupa que estivemos mirando o outro día non a levas, que non quero que pensen que es unha puta". E quedou todo dito.

A miña cabeza seguiu pensando e a miña lingua falando: acaso xulgamos aos mozos (homes) por como visten en fin de ano? Pensamos que "buscan guerra" cando levan un pantalón apertado que marca paquete? E se con tres graos baixo cero visten camiseta de tirantes para lucir o músculo que tanto traballo lles custou fabricar no ximnasio... son putos? Se levan abertos tres botóns da camisa son menos decentes ca se abren dous? A resposta a todas as preguntas é NON. Por que non xulgamos aos homes e si as mulleres? Simplemente porque son mulleres. E como se chama iso? MACHISMO, con todas as letras, todas elas en maiúscula.

O feito de pensarmos como sociedade dun xeito parecido ao que reflicte esta conversa de Nadal explica cousas inexplicables, como que a día de hoxe as mulleres sigan cobrando menos cós homes por realizar o mesmo traballo. Son home e non sufro o machismo, pero detecto e constato claramente a súa presenza en moitas esferas da vida. Mais tamén percibo por parte dalgunhas mulleres certa resignación e en termos máis xerais, como sociedade, moita permisividade coas condutas machistas, o que contribúe a normalizalas, a integralas nos nosos costumes e, en definitiva, a seguir perpetuándoas xeración tras xeración. Quizais por todo isto a grande traxedia da violencia de xénero, que se alimenta do machismo, raramente aparece entre as principais preocupacións da cidadanía.

O tempo de resaca é tempo para a reflexión, pois o corpo non está para moitos máis trotes. A miña particular resaca de Nadal tamén me fixo reflexionar e chegar á conclusión de que é necesaria e urxente unha revolución feminista. Mulleres, rebeládevos! Ten que partir de vós! A igualdade real non pode esperar máis.

Chegou a fin de Internet?

Rafa Gaioso, enxeñeiro informático
e presidente de MeLiSa

O pasado 14 de decembro de 2017, a Comisión Federal de Comunicacións de Estados Unidos (FCC) aprobou a eliminación das normas que protexían a Internet, e que poñen fin á neutralidade da rede. A FCC só ten autoridade dentro dos EE.UU., polo que esta decisión só lle afecta a este país, pero a ninguén se lle escapa que a importancia que ten este país dentro do tráfico de Internet, fai que a repercusión desta decisión teña efectos máis alá das súas fronteiras políticas. A norma está promovida polas empresas de telecomunicacións, que ofrecen o acceso a Internet, como Verizon ou AT&T, que veñen sendo operadores cun servizo similar ao que ofrecen aquí Telefónica ou R.

Internet, nace como unha grande rede de tamaño mundial que conecta miles de ordenadores, os cales son capaces de enviar diferentes tipos de información. Por exemplo, podemos descargar unha páxina web, enviar unha mensaxe de correo electrónico, organizar unha videoconferencia, etc. Ata agora, os diferentes tráficos que circulan pola rede son xestionados en igualdade de condicións, sen importar a súa procedencia, destino ou tipoloxía. E de aquí parte o concepto de «neutralidade da rede», en que non se beneficia un tipo de tráfico sobre outro. Todos temos os mesmos dereitos para enviar a nosa información a través desta gran rede de datos. Aínda que esta situación pode ter os días contados, se outros países seguen os mesmos pasos que EE.UU.

Por iso, moitos expertos afirman que estamos ante o fin de Internet tal e como a coñecemos. Con esta nova política vai ser moito máis difícil que unha pequena empresa sexa capaz de ofrecer un novo servizo aos seus clientes, xa que o seu tráfico pode ser discriminado fronte ao dos seus competidores de maior tamaño. Digamos que, con este novo modelo, o crecemento que tiveron no seu día Facebook, Instagram, ou proxectos similares, vai ser case imposible de repetir.



Imaxe: Steve Sack (startribune.com)

Con esta nova situación, e pensando en que chegara a norma a España, un operador de acceso como Telefónica pode ofrecer máis velocidade á súa plataforma de contidos #0, fronte a terceiros como Netflix, ou Amazon Vídeo. Tamén poderían establecer un prezo adicional ao acceso a certos contidos. O poder que pasarían a ter estes operadores sería case total no referente á xestión do tipo de tráfico que xestionan na rede.

Neste momento, estase á espera da reacción por parte das principais empresas de Silicon Valley. Todas elas (Google, Microsoft, Apple...) terán que avaliar nos próximos meses, as consecuencias que terá na súa actividade, xa que o seu negocio está baseado nunha rede neutra, e se está ameazada, nada impide que sexan capaces de ofrecer a súa propia conexión a Internet, deixando á marxe ás telecos tradicionais. Google hai tempo que xa ofrece conexión a Internet coa súa propia fibra óptica en varias cidades de EE.UU., e Facebook ten cables submarinos propios para conectar Europa con América. Este ano que comeza seguro que vai ter moitas novidades ao respecto, estaremos atentos. Polo momento, como usuarios de Internet podemos participar en campañas como a seguinte: https://www.battleforthenet.com/

MIGUEL ÁNGEL LIBOREIRO ABAD, O TOBO DO LOBO

“Entendemos a cociña como a necesidade de adaptarnos ao produtor e aos seus produtos”

Conta con máis de sete anos de experiencia as súas costas como *chef* en restaurantes nacionais e estranxeiros, incluíndo locais con estrela Michelín. Agora, dende hai pouco máis de un ano, Miguel Ángel Liboreiro rexenta xunto a un socio un restaurante e pensión en Melide: O Tobo do Lobo. Elaboran cociña galega contemporánea, de produto, e defenden a idea de sentarse a gozar dunha boa comida con tranquilidade. Desbordados ante a demanda que tiveron dende a súa apertura, agradecen o recibimento e a boa acollida por parte dun pobo ao que sempre estiveron moi ligados.

.- Como xurdiu o proxecto?
.- Miguel Liboreiro (M.L.): Somos dous socios e non foi un proxecto co que xa contaramos de antes, senón que tiñamos ganas de facer algo en Melide e cando apareceu esta posibilidade pois aproveitámola. É certo que non tiñamos pensado ir tan rápido, pero tiramos para adiante cando vimos o local porque ademais Melide gústanos moito.

Miguel Liboreiro no comedor de O Tobo do Lobo que, xunto a o seu socio, rexenta en Melide

.- Que servizos ofrece O Tobo do Lobo?
.- M.L.: Restaurante en horario habitual de mediodía e noite e, aínda que no inverno podemos pechar algún día, a partir de Semana Santa abrimos todos os días mañá e noite. O que non ofrecemos é servizo de bar, iso non quita que se vén alguén e pide un café pois claro que o atendemos, pero non traballamos tapas nin bar porque cremos que non temos espazo suficiente como para iso. Centrámonos máis en dar comida de calidade, en dar bos almorzos para a pensión e nas habitacións, procurando telas coidadas e ben arranxadas. Temos en total 10 habitacións todas reformadas e con baño, e seis mesas no restaurante con capacidade para 30 persoas. Sempre tivemos claro que queriamos un sitio familiar e centrado no cliente. Destacar que o que non facemos é dobrar as mesas; é dicir, se están todas ocupadas non facemos esperar a alguén ata que os comensais se levantan para deixar unha mesa libre e poder ocupala de novo. Nese caso preferimos dicir que non hai sitio, porque á xente que está comendo igual lle apetece tomar un café tranquilamente sen necesidade de apurar porque hai outra xente esperando para sentarse. Cando alguén reserva no noso local entendemos que está facendo un aluguer desa mesa, e aínda que a comida sexa un pouco diferente ou máis elaborada, gústanos que a xente teña esa tranquilidade de comer sen présas e conversando. De feito é un espazo sen televisión para que os comensais dialoguen e mesmo nos gustaría que deixasen a un lado o móbil. Trátase de recuperar o concepto de cando te sentabas a comer e falabas, é iso o que buscamos. Xa por último, en canto aos menús procuramos manter os prezos, nunca temos menús de máis de 40 euros.

.- Por que se distingue O Tobo do Lobo?
.- M.L.: A ver, nós non inventamos nada, o que si é certo é que me guío pola referencia de restaurantes que eu teño. E esa referencia son restaurantes que están en poboacións rurais galegas e que non son os máis afamados nin coñecidos, pero que para o meu gusto son os mellores porque son restaurantes moi bos a prezos moi moderados para a calidade que serven, e sempre dende a perspectiva que non busca gañar moito diñeiro, senón ter unha calidade de vida boa e que nos guste o noso traballo.

.- Por que se caracteriza a súa cociña?
.- M.L.: Aquí todo é caseiro, non hai nada que non se faga aquí. O 95% dos nosos produtos son galegos, dos cales a día de hoxe o 40% son da terra de Melide. É máis, a maioría do noso produto principal tamén é da zona porque o máis importante para nós é coñecer aos produtores, máis que nada porque ao final a xente quere boa comida, non quere filigranas. Na miña opinión, a tarefa hoxe en día de alguén que ten un restaurante é buscar aos produtores, que ao final son os que che van a proporcionar un bo produto.

.- Conta O Tobo do Lobo con algún prato estrela?
.- M.L.: A verdade é que cambiamos a carta todas as semanas, non enteira, pero si a meirande parte ou polo menos dous ou tres pratos, porque como vamos a comprar imos cambiando en función dos produtos que vemos. Entendemos a cociña como a necesidade de adaptarnos ao produtor e aos produtos que teña frescos. Se non o ten, non o hai na carta, e se o ten pois disporemos del e a partir de aí crearemos o prato. E en canto á nosa cociña diríache que facemos cociña galega contemporánea; é dicir, cociña de produto pero sempre cun toque divertido.

.- Como ve a hostalería a nivel galego?
.- M.L.: Penso que Galicia está sufrindo unha transformación, sobre todo nos últimos 10 anos. Temos a mellor materia prima do mundo, non o temos todo pero si case todo e de moi boa calidade. E ademais hai xente moi ben formada. Hai xefes de cociña galegos en restaurantes de todo o mundo. Case diría que de portas para fóra a cociña evolucionou moitísimo, iso si, de portas cara dentro segue sendo igual de duro o traballo. Os horarios son eternos, traballas no tempo de lecer de outros, etc.

.- Pero tamén terá algo bo, non?
.- M.L.: Por suposto. Para min o meu traballo é o mellor do mundo. E senón xa me dirás en que traballo alguén paga e despois di moitísimas grazas por todo (risas), cando en realidade deberías ser ti quen lle agradezas o feito de vir ao teu restaurante.

.- A modo de curiosidade, de onde vén o nome de O Tobo do Lobo?
.- M.L.: Cando nos puxemos a isto tiñamos tres opcións diferentes en canto a temática, non a nomes, senón tres opcións sobre as que podería versar o noso proxecto. Unha era o mercado do gando porque o temos aquí ao lado, outra era o Bocelo porque é o camiño que temos entre Sobrado e Melide e como somos de alí pois gustábanos, e a outra era con respecto a todo o que significa o lobo. O lobo é un animal moi nobre que cre no concepto de familia e de manada, aínda que a xente o teña como un animal perigoso, e gustounos ese concepto de manada. Ademais, o 75% de lobo ibérico está en Galicia e no Bocelo sempre houbo fama de que se deixaba ver moito por alí. E tamén é un animal que come de todo. Así que entre esas tres opcións decantámonos pola do lobo porque nos gustou ese concepto de grupo, de estar xuntos. A idea é como a casiña do lobo, a guarida, a tobeira, o refuxio do lobo. E tamén formaba un xogo de palabras porque só leva a vogal “o”.

O Tobo do Lobo
Tlf: 981 50 77 73
Rúa Luis Seoane, 8

ESTE Nadal TOCOU en Melide

NÚMEROS PREMIADOS NA CAMPAÑA DE ASETEM

PREMIO	Nº TITULAR	Nº RESERVA
2.000 €	33.412 (Floristería Tarrío)	04.967 (Xoiería Roval)
1.000 €	03.451 (Librería Cousas)	28.260 (Tu Boutik)
1.000 €	47.041 (Librería Cousas)	20.702 (Ferretería Noguerol)
500 €	05.319 (Xoiería Roval)	44.818 (Calzados Broz)
500 €	41.221 (Supermercados Gómez)	18.128 (Deportes López)
500 €	12.891 (Cafetería Stop)	01.676 (Alain Afflelou Óptico)
500 €	08.020 (Xoiería Silvela)	58.383 (Calzados Broz)
200 €	Nº: 129 (Sorteo entre os asistentes: Juan Carlos Fernández Sánchez)	